

# Nace Mundo Escénico: a primeira comunidade online das Artes Escénicas en Galicia

Esta comunidade aberta e gratuíta está promovida polo emprendedor Daniel Amós Rodríguez e ten como obxectivo modernizar, democratizar e facer máis accesibles as Artes Escénicas en Galicia.

As Artes Escénicas en Galicia xa contan cunha comunidade online onde os diferentes axentes poden interactuar para xerar un ecosistema con gran valor para todos eles. Mundo Escénico nace como unha iniciativa dentro da terceira edición do programa de emprendemento [Go2Work](#) de Barro organizado pola Deputación de Pontevedra e a Escuela de Organización Industrial. A comunidade, que xa está en funcionamento, cubre catro ámbitos principais: **Teatro, Música, Danza e Folclore** onde se engloba todo tipo de actividade escénica como por exemplo: teatro cómico, novo circo, contacontos, títeres, pallasos/as, maxia, animación infantil, acrobacias, bandas de música, música pop-rock, cantautores/as, orquestas, corais, danza contemporánea, baile moderno, ballet, música folclórica, gaiteiros/as, pandeireteiras/os, baile tradicional e moitos máis.

Mundo escénico está dirixido principalmente a catro tipos de perfís de usuario: os **espectadores**, que buscan unha axenda completa e actualizada e tamén valorar e seguir ós seus grupos favoritos, os **artistas, membros de grupos, bandas e compañías** que necesitan unha rede social do sector onde divulgar os seus espectáculos e conectar con outros artistas e profesionais, os **xestores e programadores culturais**, que precisan un directorio cos todos os grupos e espectáculos en carteleira con valoracións da comunidade para poder deseñar de forma máis efectiva as súas axendas e os **profesionais do sector** (directores/as, coreógrafos/as, escenógrafos/as, actores, actrices, bailaríns...) que buscan un canal específico para ofrecer os seus servizos vinculados as Artes Escénicas.

A plataforma web de Mundo Escénico (dispoñible en <https://mundoescenico.gal>) xa permite rexistrarse de forma gratuíta e escoller o tipo de perfil que máis se axusta a cada usuario (espectador, artista, xestor cultural, profesional do sector...). Tamén permite engadir información social ou artística para darse a coñecer na comunidade. A web conta xa cunha serie de servizos como son a **axenda cultural** (cun mapa onde se localizan os eventos), o **catálogo de grupos e espectáculos**, a **rede social** para publicar actividade no “muro”, engadir amigos, seguir grupos, etc., un **blog** con información interesante do eido escénico na que participan colaboradores e unha sección chamada “Ágora” para xestionar a oferta e demanda de **formación, talleres e servizos profesionais**. Segundo comenta o fundador Daniel Amós *“a clave desta plataforma aberta é a compoñente social que fomenta a participación por igual dos seus usuarios para construír entre todos unha comunidade de*

*valor*". Así, os usuarios teñen a opción de enviar eventos, valorar grupos, xestionar os seus propios grupos, colaborar no blog, e demandar e ofertar formacións e servizos profesionais.

A comunidade conta actualmente cunha base de datos de **máis de 2.000 grupos** categorizados e xeolocalizados nun mapa. Os membros que o desexen, poden requirir a administración do seu grupo ou crealo se non existe para manter actualizada a información do mesmo e dos seus espectáculos. Desta forma mantense un catálogo dinámico con información sempre actualizada polos propios grupos.

No futuro está previsto engadir máis servizos de valor engadido en función da demanda da comunidade. O obxectivo é que sexa un lugar de referencia e de utilidade para as Artes Escénicas en Galicia onde todos podan participar de forma aberta e igualitaria.

## Acerca do promotor

Daniel Amós é doutor enxeñeiro de Telecomunicacións, pero sempre foi un apaixonado das Artes Escénicas, participando en grupos folclóricos, de baile e chegando incluso a fundar o seu propio grupo de teatro. O proxecto de crear unha comunidade e rede social específica para as Artes Escénicas leváballe rondando na cabeza moito tempo, así que aproveitando a súa excedencia por paternidade decidiu participar no programa de emprendemento [Go2Work](#). A formación recibida e o acompañamento de mentores expertos durante 5 meses axudáronno no seu camiño emprendedor a converter a súa idea en realidade. Actualmente, gracias a isto e a contar cunha formación tecnolóxica de base, Daniel Amós xa lanzou a plataforma web que da soporte a esta comunidade online e actualmente está levando a cabo diferentes accións para dala a coñecer e facer que a comunidade creza.

## Máis información e contacto

- Web: <https://mundoescenico.gal>
- Facebook: <https://facebook.com/mundoescenico>
- Twitter: @mundoescenico
- Instagram: @mundoescenico
- Correo electrónico: [damos@mundoescenico.gal](mailto:damos@mundoescenico.gal)



*Daniel Amós interpretando a dous tipos de artistas simultaneamente durante a presentación de Mundo Escénico no Demo Day da terceira edición do programa de emprendemento Go2Work no espazo de Coworking de Barro (Pontevedra)*

Axenda Grupos Comunidade Blog Agora Nós

Mundo Escénico Desconectarse

Coñeces algún evento?  
Enviar evento

Eventos

Cat Localización Organizador Etiqueta

Xullo 2019

PORTAMÉRICA  
04 XULLO 2019 - 06 XULLO 2019  
ROZALEN - CARLOS SAHNES  
LA CASA ALTO - ZORRA - MIREIA - ELEFANTES  
MADNESS - AMAIA  
MÓNICA PERE - CRISTINA DURANTE  
ANDRÉS CALAMARDO - DEPEDRO  
Caldas de Reis - Carballeira

EL DESGUACE DE LAS MUSAS  
05 XULLO 2019  
Cangas - Auditorio Municipal,  
Avenida de Lugo 27A, 36940  
Cangas, Pontevedra

Música no Camiño  
06 XULLO 2019 - 07 XULLO 2019  
IX CICLO DE CONCERTOS «MÚSICA NO CAMIÑO»  
Santiago - Praza das Praterías, Praza das Praterías, Santiago de Compostela, España

VER DETALLES

VER DETALLES

VER DETALLES

8 9 10 11 12 13 14  
15 16 17 18 19 20 21  
22 23 24 25 26 27 28  
29 30 31 1 2 3 4

Festival  
12-13 XULLO • MIRADOR DE FONTENLA • DOMA • HANNA  
MORRA SOUND  
ROCK FEST 2019  
THE BREW  
THE EMBOSOS  
FAMILIA CAVALERO  
THE BROTHERS

Captura de pantalla da Axenda de eventos

Axenda Grupos Comunidade Blog Ágora Nós

Mundo Escénico Desconectarse

### Grupos

Buscar Grupos... Tódolos tipos Último activo

Buscar por subcategorías

Vendo 1 - 21 de 2.056 grupos

- Todos os grupos (2.066)
- Os meus grupos (2.066)
- Outros (58)
- Folclore (529)
- Danza (45)
- Música (1.028)
- Teatro (459)
- Crear un grupo

Falta o teu grupo?  
Crear grupo

#### Usuarios

Novos | Activo | Popular

- Mundo Escénico hai uns segundos
- Cristina Iriso hai 2 días
- Santiago Iribarren hai 2 días
- Pablo Samartín hai 2 días

#### El Roco de las Alas

Grupo público / 3 usuarios  
activo fai 3 días, 14 horas

★★★★★

Danza Música Outros Teatro

Mostrar subcategorías

Deixar grupo

#### Os John Deeres

Grupo público / 2 usuarios  
activo fai 2 semanas, 1 día

☆☆☆☆☆

Música

Mostrar subcategorías

Deixar grupo

#### Pisando Ovos

Grupo público / 1 usuario  
activo fai 2 semanas, 2 días

☆☆☆☆☆

Danza

Mostrar subcategorías

Deixar grupo

#### A Compañía do Ruido

Grupo público / 1 usuario  
activo fai 2 semanas, 2 días

☆☆☆☆☆

Folclore Música

Mostrar subcategorías

Deixar grupo

#### Teatro Xerigonza

Grupo público / 3 usuarios  
activo fai 2 semanas, 4 días

★★★★★

Teatro

Mostrar subcategorías

Deixar grupo

#### Teatro Avresno

Grupo público / 3 usuarios  
activo fai 3 semanas

★★★★☆

Teatro

Mostrar subcategorías

Deixar grupo

Facebook Twitter Instagram

Captura de pantalla do directorio de grupos

Axenda ▾ Grupos ▾ Comunidade ▾ Blog Ágora ▾ Nós ▾ Q


Mundo Escénico  
Desconectarse

Usuarios

Novos | Activo | Popular

- Mundo Escénico  
hai 3 minutos
- Cristina Iriso  
hai 2 días
- Santiago Iribarren  
hai 2 días
- Pablo Samartín  
hai 2 días
- Daniel Amós  
hai 3 días

### Mapa de grupos



Mapa | Satélite

Google

Datos do mapa ©2019 Inst. Geogr. Nacional. Termos de uso. Informar acerca dun erro no mapa

\*So se mostran aquí os grupos que teñen a ubicación indicada no seu perfil.

- Teatro
- Música
- Danza
- Folclore
- Outros
- Varias categorías

Detailed description: The screenshot shows a web interface for 'Mundo Escénico'. At the top is a navigation bar with 'Axenda', 'Grupos', 'Comunidade', 'Blog', 'Ágora', 'Nós', and a search icon. Below this is a sidebar with a user profile for 'Mundo Escénico' and a list of other users with their last activity times. The main content area is titled 'Mapa de grupos' and features a Google Map of Galicia, Spain. The map is overlaid with numerous colored pins representing different groups, categorized by type: Teatro (purple), Música (green), Danza (blue), Folclore (orange), Outros (grey), and Varias categorías (yellow). The map includes standard Google Maps controls like zoom in/out and a street view pegman. A legend at the bottom of the map area identifies the pin colors with their respective categories.

Captura de pantalla do mapa de grupos